



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Literatura e Espectáculo	Código	613584107	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da literatura en relación coas diferentes manifestacións escénicas: teatro, danza, música, cinema...			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as relacións entre a literatura e o teatro, o audiovisual, a música e a danza a través da historia e en contextos culturais diversos.	AM1 AM3		CM4
Coñecer os principais focos de información e de reflexión teórica relativas ao estudo das relacións entre a literatura e as producións espectaculares e saber integrar as achegas dos principais grupos investigadores do ámbito académico .	AI2 AI3	BP3 BP5	CM5 CI2
Saber empregar a rede informática na obtención de información e na comunicación de datos e, en xeral, adquirir a capacidade de utilizar as ferramentas TIC necesarias para o exercicio profesional e investigador.	AM2 AM4 AI3	BP3 BP4	
Deseñar e realizar un traballo de investigación orixinal, rigoroso e de extensión limitada en que se analicen as relacións de certos produtos espectaculares coa literatura, pondo en relación os estudos literarios con contextos culturais diversos.	AM2 AI1	BP3 BP7	CI3
Traballar de forma autónoma con iniciativa tendo en conta a importancia da aprendizaxe ao longo de toda a vida.	AM3	BP2 BP4	CM1 CM5 CI1

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Literatura e teatro	1.1. Teatralidade. Relacións texto-espectáculo 1.2. Novas perspectivas nos estudos teatrais: aproximacións semiótica, antropolóxica, pragmática e da recepción aplicadas ao texto dramático e ao espectáculo 1.3. O dramaturxista: tipoloxía e funcións 1.4. Narradores e poetas performativos. Estratexias performativas de identidade. 1.4. Dous pólos extremos: O happening como superación do texto e a "non-encenação" de Claude Régy



2. Literatura e audiovisual	2.1. Transposicións narrativas e dramáticas ao cinema. As adaptacións. 2.2. O roteiro cinematográfico 2.3. Fontes literarias na televisión: series e "TV movies" a partir da literatura 2.4. O videoxogo e o imaxinario literario
3. Música e danza: relacións co literario	3.1. Chico Buarque, Leonard Cohen e Bob Dylan contemplados desde a literatura 3.2. Canónicos e marxinalizados en relación coa danza

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 A3 A14 A12 B10 C1 C8 C9	1	28	29
Lecturas	A1 A2 B7 C7 C5	0	20	20
Eventos científicos e/ou divulgativos	B7 B8 C5	0	4	4
Presentación oral	B6 B10 C1	3	2	5
Discusión dirixida	A13 A4 B5 B8 B10 C4	11	2	13
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado realizará individualmente un traballo de investigación -orixinal, rigoroso e de extensión limitada-, ora de adaptación dramática, ora de análise da adaptación ao audiovisual dun texto literario. Nas primeiras sesións serán determinadas tanto a data de comunicación do tema e ponderación co profesor e os compañeiros das estratexias de elaboración -nun espazo de traballo colaborativo en liña-, como a de incorporación ao espazo virtual colaborativo da versión definitiva.
Lecturas	Será preciso realizar nos prazos determinados unha serie de lecturas básicas, así como as necesarias para a elaboración do traballo.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Acompañarase, presencialmente ou através de ferramentas de comunicación asíncrona, eventos científicos e divulgativos relacionados cos contidos da materia.
Presentación oral	Destinaranse as sesións presenciais pertinentes á presentación oral dos traballos individuais tutelados, destinando uns minutos ás preguntas e retroalimentación do mesmo por parte dos compañeiros.
Discusión dirixida	O alumnado participará ?presencialmente e através do espazo de traballo colaborativo en liña? en discusións dirixidas polo profesor sobre temas atinentes aos contidos da materia. Previamente, deberán preparar as discusións coa lectura de artigos especializados.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Discusión dirixida Traballos tutelados	Através destas metodoloxías avaliarase a evolución individual de cada alumno ou alumna, de maneira que en calquera momento se podan activar mecanismos compensatorios ou de consolidación de coñecementos e destrezas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Discusión dirixida	A13 A4 B5 B8 B10 C4	A participación activa e con argumentos madurecidos e criativos nas discusións dirixidas presenciais ou asíncronas representará o 35% da cualificación final.	35
Traballos tutelados	A2 A3 A14 A12 B10 C1 C8 C9	O traballo invidiual representará o 45% da cualificación final. Terase en conta a ponderación co profesor e os compañeiros de tema e fontes (10%), que será recíproca, isto é escoitará o que se lle di da súa elección e el/ela mesmo/a ponderará ás dos compañeiros/as; a presentación dentro dos prazos (5%), e a calidade do mesmo (30%).	45
Eventos científicos e/ou divulgativos	B7 B8 C5	A asistencia aos eventos programados será avaliada até ao 5% da cualificación final.	10
Presentación oral	B6 B10 C1	Serán avaliadas tanto a presentación oral do traballo tutelado (5%) como a participación retroalimentadora nos outros traballos (5%).	10

Observacións avaliación

Non será posíbel a superación da materia sen a participación activa nas discusións dirixidas nin a presentación, dentro dos prazos, do traballo tutelado. O alumnado que non realizar ambas as actividades recibirán a cualificación de NON PRESENTADA/O.

O alumnado de ensino semipresencial ou con dispensa académica deberá acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o profesor comunicará ao alumnado afectado ao inicio do curso. Na segunda oportunidade (xullo) e na convocatoria adiantada de decembro o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunhas das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se producir algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

Non será posíbel a superación da materia sen a participación activa nas discusión dirixidas nin a presentación, dentro dos prazos, do traballo tutelado. O alumnado con dispensa académica deberá acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona determinadas polo docente nos prazos específicos que se establecerán a tal efecto e que o profesor comunicará ao alumnado afectado ao inicio do curso. Na segunda oportunidade (xullo) o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non se ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrirase un novo prazo para a súa presentación.

Fontes de información



Bibliografía básica

- Abuín, A (2006). "Performance y textualidad", Escenarios del caos: 151-157. Valencia: Tirant lo Blanch
- Alonso, S. (2004). "Literatura e música (A Chanson espagnole de Maurice Ravel: harmonización dunha canción galega), en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 493-508. Vigo: Xerais
- Alonso de Santos, J. L. (2007). "Las reglas de la teatralidad" e "La recepción teatral", en Manual de Teoría y Práctica Teatral, 165-194 e 519-545. Madrid: Castalia
- Bermúdez, S (2002). "O capital simbólico das literaturas subalternas: a poesía galega no serodio século XX", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2002, 201-208.. . Compostela: USC
- Biscainho Fernandes, C. C. (2004). Capítulos V, VI, IX e X de Conformando o brinquedo, 53-73 e 97-125.. A Coruña: Deputación Provincial
- Cornago, Óscar (2015). Capítulos II e III de Ensayos de Teoría Escénica. Sobre teatralidad, público y democracia. Madrid: Abada Editores
- Fischer-Lichte, E. (2011). Estética de lo performativo. Madrid: Abada Editores
- Gil, A. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria: 593-613. Vigo: Xerais
- Lehmann, H.T. (1999). "El teatro postdramático: una introducción", Posdramatisches Theater (traduc. de Paula Riva), Telondefondo nº12-diciembre 2010.
- Martín Rodríguez, I. (2015). Análisis narrativo del guión de videojuego. Madrid: EUG-Síntesis
- Pavis, P. (2007). "Nas fronteiras da encenação" e "Encenação, Performance: Qual é a diferença?", en A Encenação Contemporânea, 25-59. São Paulo: Perspectiva
- Sullà, E. (2001). "Literatura comparada: las relaciones entre la literatura y el cine?", en Pulido Tirado, Genara (ed.) Literatura y arte: actas del IV Seminario del Aula de Literatura Comparada de la Universidad de Jaén. Jaén: Universidad de Jaén
- Tenschert, Bataillon, Dort e Raoul-Davis (2003). Questões de Dramaturgia I. Lisboa: Escola Superior de Teatro e Cinema
- Valverde, A. (2004). "A performance en Rompente", Anuario de Estudios Literarios Galegos 2004, 96-105. Compostela: USC
- Ubersfeld, A. (1997). "La escena y el texto", en La escuela del Espectador, 20-58. Madrid: Publicaciones de la Asociación de Directores de Escena de España
- Zavala, L. (). "Cine y literatura. Puentes, analogías y extrapolaciones", en Razón y Palabra nº 71. .



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Alemany Ferrer e Chico Rico (eds.) (2012). Literatura i espectacle = Literatura y espectáculo. Alicante : Universidad de Alicante : Sociedad Española de Literatura General y Comparada - (1999). "A propósito de Guy Debord y la crítica situacionista del espectáculo", en Archipiélago cuadernos de crítica de la cultura n. 39, 87-115. Castelldefels: Pamiela - Abuín, A. (1996). ?Para una teoría de la puesta en escena. Hermenéutica y transformación de un texto literario?, Tropelías 5/6, 1994-1995, pp. 5-15. - Abuín e Casas (2004). "O texto espectacular", en Casas (coord.) Elementos de crítica literaria, 415- 470. Vigo: Xerais - Abuín González e Rodríguez González (2004). "Literatura e cinema: recreacións fílmicas e transferencias culturais", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 569-591. Vigo: Xerais - Becerra de Becerreá, A (2007). Dramaturxia. Teoría e práctica. Vigo: Galaxia - Carlson, M (2005). Performance: unha introdución crítica. Vigo: Galaxia - Creton, Palmer e Sarrazac (2005). Arts du spectacle, métiers et industries culturelles: penser la généalogie. Paris: Presses Sorbonne Nouvelle - Figuro Espadas (2013). Guion : nociones sobre la escritura audiovisual. Madrid: CEU - Fischer-Lichte, E. (2004). Estética de lo performativo. Madrid: Abada Edidtores - Gil, A. (2004). "Literatura e banda deseñada", en Arturo Casas (coord.) Elementos de Crítica Literaria, 593-613. . Vigo: Xerais - Hormigón, J. A. (1991). ?Dramaturgia y trabajo dramático?, Trabajo dramático y puesta en escena. 31-58. Madrid: Publicaciones de la ADE - Kowzan, Tadeusz (1992). Literatura y espectáculo. Madrid : Taurus - McKee, R. (2002). El guión. Sustancia, estructura, estilo y principios de la escritura de guiones. . Barcelona: Alba - Pavis, P (1983). Diccionario del Teatro. Dramaturgia, estética, semiología. . Barcelona: Paidós - Sánchez Noriega, J. L. (2000). De la literatura al cine. Barcelona: Paidós - Sarrazac, Jean-Pierre (2003). O futuro do drama. Porto: Campo das Letras - Schechner, R. (2006). Performance Studies. New York: Routledge - Ubersfeld, A. (1993). Semiótica teatral.. Madrid: Cátedra / Universidad de Murcia - Werneck et ali (2009). Texto e imagem: estudos de teatro. Rio de Janeiro: 7 letras
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías